

PRESTACIÓN POR DESEMPREGO

REQUISITOS PRA ACCEDER Á PRESTACIÓN

- Estar en situación legal de desemprego.
- Estar afiliado á S.S., e en situación de alta ou asimilada á alta.
- Ter cuberto un período mínimo de cotización de 360 días.
- Non ter cumprido a idade ordinaria que en cada caso pode dar dereito á pensión de xubilación.

PRAZO E DOCUMENTOS NECESARIOS PARA O TRÁMITE DE SOLICITUDE

- Inscribirse como demandante de emprego.
- Non facelo no prazo fixado supón penalización.

DOCUMENTOS QUE DEBE PRESENTAR

- Impreso de solicitude da prestación de desemprego debidamente cumprimentado.
- DNI
- Libro de Familia.
- Acreditación de situación legal de desemprego.
- Certificado da última actuación selado e firmado pola empresa.

O PRAZO DO QUE DISPOMOS PARA FORMALIZAR A SOLICITUDE É DE 15 DÍAS DENDE A DATA DA ÚLTIMA ACTUACIÓN.

ACTUALIZACIÓN: procedemento segundo as zonas.

DURACIÓN DA PRESTACIÓN:

Desde 360 ata 539 días cotizados.....	120 días de prestación
540 ata 719	180
720 ata 899	240
900 ata 1079	300
1080 ata 1259	360
1260 ata 1439	420

CUANTÍA DA PRESTACIÓN

- Estará en función da base reguladora que teña o traballador.
- A base reguladora diaria é a suma das bases de cotización dos últimos 180 días cotizados á S.S. por continxencia de desemprego dividida entre 180.

- Os 180 primeiros días da prestación cobrarase o 70% da base reguladora e, a partir do 181, o 60% de dita base.
- A prestación estará suxeita, no seu caso, a descontos de S.S. e non de I.R.P.F. nin de desemprego.

OBRIGACIÓNS DO TRABALLADOR

- Solicitar a baixa na prestación cando se produzan situacións de suspensión ou extinción do dereito ou que se deixen de reunir os requisitos esixidos para a súa percepción.
- No período de desemprego no que xurda moito volume de traballo é conveniente interrompelo para favorecer as cotizacións de días traballados que sempre é superior e, ademais, xenéranse días asimilados á alta.
- Renovar a demanda de emprego na forma e data que indique a tarxeta de demanda de emprego.
- Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas.